

Préstamo Libros electrónicos

A Biblioteca do IES "San Paio" pon a disposición do alumnado, lectores de libros electrónicos (e-readers) en préstamo.

CONDICIÓNS PARA O PRÉSTAMO

1. Para facer uso deste servizo será necesario posuír en vigor o carné da biblioteca e sempre que este non se encontre bloqueado por incumprimento da normativa de préstamo.
2. Os usuarios e as usuarias, para facer uso deste servizo, e os seus pais ou titores legais deberán aceptar e asinar a conformidade co presente documento.

CONDICIÓNS DE USO

1. Prestarase exclusivamente un lector de libros electrónicos por persoa.
2. A persoa que recibe o préstamo é totalmente responsable do equipo prestado, da súa custodia e coidado durante o préstamo.
3. Calquera anomalía ou mal funcionamento do lector de libros electrónicos debe comunicarse inmediatamente ao persoal encargado da biblioteca.
4. En caso de extravío, destrución ou deterioro do lector a persoa que recibe o préstamo deberá proceder á súa reposición por outro de similares características.
5. A persoa que recibe o préstamo non poderá manipular nin modificar as aplicacións, o contido e a configuración do dispositivo prestado.
6. No momento da devolución, o lector deberá estar nas mesmas condicións en que foi prestado.

CONDICIÓNS DO PRÉSTAMO

A solicitude e devolución dos préstamos dos lectores de libros electrónicos farase no mostrador da biblioteca.

A duración do préstamo será de 15 días.

A devolución con atraso do lector de libros electrónicos será penalizada, bloqueándose o carné de usuario de forma preventiva, dende o momento en que se detecte o incumprimento das normas.

O instituto "San Paio" resérvase o dereito de emprender aquelas accións que crea necesarias en caso de incumprimento desta normativa.

Formalización do contrato de préstamo do Lector de libros electrónicos nº:.....

EuDNI.....

Pai/nai ou titor legal do alumno/a

do curso grupo..... acepto e comprométome a cumprir as condicións do presente contrato de uso dos lectores de libros electrónicos.

E para que conste asinamos en Tui a de de 20.....

Asdo.: Pai/Nai/Titor legal

Alumno/a